

# AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Xacobeo 2021

XUNTA  
DE GALICIA



Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN



Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# PROTOCOLOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NAS SESIÓNS DE: AUDICIÓN E LINGUAXE, PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Páxina 5	1. INTRODUCCIÓN
Páxina 7	2. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN
	2.1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS
	2.2. MEDIDAS DE HIXIENE E PERSOAIS
	2.3. AS MÁSCARAS NAS AULAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE
	2.4. A VENTILACIÓN NAS AULAS DE AL E PT
	2.5. A LIMPEZA DAS AULAS
Páxina 15	3. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA



# 1. INTRODUCCIÓN

Sen lugar a dúbida, a pandemia da COVID-19 obriga a adaptarnos a unha nova situación na educación que non é agradable para ninguén. Particularmente, dentro da comunidade educativa, aqueles docentes e alumnado máis afectado son aqueles que precisan facer actividades que pola súa propia natureza requiren entre outras cousas:

- Traballar moi próximos e normalmente enfrontados
- Verse as caras
- Uso de material común

Xustamente estas 3 cousas son as básicas que as normas de prevención da COVID-19 impiden.

Coma xa sabemos a estas alturas, as normas básicas de prevención da COVID-19 esixen:

- Manter a distancia de seguridade
- Uso da máscara tanto no interior coma no exterior
- Extremar a hixiene, e especialmente non compartir obxectos
- Ventilación

É aquí onde atopamos cos problemas de aplicar a prevención da COVID-19 nas clases de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.



Dito o anterior, temos que ser capaces de apoiar aos nenos e nenas neste tipo de actividades, inda que iso supoña extremar as precaucións e tomar algunhas adicionais.

Coma características comúns neste tipo de actividades, a/o mestra/e debe permanecer moi preto do/a alumno/a, facer actividades onde non so se fala, senón que se sopra e se levanta a voz, e ademais manéxanse gran cantidade de obxectos, moitos deles de uso común. Outra característica dirixida neste caso a Pedagogía Terapéutica é o feito de que o/a mestre/a entren en diversas aulas onde se lles require, rompendo os diferentes grupos de convivencia.

Non se pode perder de vista que a máscara, a ventilación e a distancia social estanse a converter nas principais medidas de prevención contra os contaxios.



## 2. MEDIDAS ESPECÍFICAS DE PREVENCIÓN

Imos falar agora de diferentes medidas específicas para as actividades de Audición e Linguaxe así coma Pedagogía Terapéutica, que na maioría dos casos non deixan de ser adaptacións das medidas xerais a situacións concretas.

### 2.1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Neste punto imos analizar coma as medidas organizativas permiten reducir os riscos de contaxio da COVID-19.

O primeiro problema que se atopa é que nas actividades de Pedagogía Terapéutica, a tendencia lóxica é tratar de traballar co/a alumno/a dentro da aula de cara a súa maior integración no grupo. O que pasa é que o profesorado de PT entra en diversas aulas, por tanto se rompen os grupos de convivencia estables das diferentes aulas. A situación ideal dende un punto de vista da prevención, sería traballar con estas nenas e nenos sempre na aula de PT. Esta medida reduce, ou máis ben evita que aumenten de forma significativa os contactos. Agora ben, tampouco se pode privar ao/á alumno/a da integración no seu grupo. Tendo en conta a situación que vivimos hai que tratar de establecer un equilibrio que permita ao neno/a un desenrolo o máis adecuado posible. Haberá que valorar se as vantaxes de dar apoio no interior da aula valen a pena fronte aos riscos (que non son poucos) Non hai un protocolo normativo específico para isto, e cada centro deberá facer a súa avaliación. Probablemente dependendo do apoio que precisa cada alumna/o se poderá establecer unha organización que temporalmente permita que os recursos de PT se fagan fóra da aula común ata onde se poida.



No caso de ter que facer os apoios de PT dentro das aulas comúns (o mínimo posible), deberanse extremar as medidas de prevención (recordemos que o/a mestre/a podería entrar en diversos grupos de convivencia):

- Distancia de Seguridade
- Uso obrigatorio de máscara
- Hixiene de mans, tanto da/o alumna/o coma do profesorado de PT
- Ventilación da aula

Dentro das medidas organizativas que se propoñen para as actividades de Audición e Linguaxe así coma as de Pedagogía Terapéutica que se fan nas aulas específicas, é que sexan con alumnas/os individuais ou ben simultáneos só se pertencen ao mesmo grupo de convivencia. Pensemos que estes/as alumnos/as van estar dentro dun aula máis ou menos pequena durante un tempo importante e rompendo o grupo de convivencia. Por elo é necesario que sexan clases individuais e no caso de ser de grupo, as nenas e nenos deben pertencer ao mesmo grupo de convivencia.

Por último nas medidas organizativas, se toca o tema referido aos diferentes obxectos que fan falla nestas clases e actividades. Atopamos que non son poucos os obxectos que usan as nenas e nenos. Se ben é certo que a transmisión da COVID-19 pola vía de fómite (obxectos e superficies contaminados) no é a principal, temos que ter en conta que os obxectos manexados por estes/as alumnos/as é moi habitual que os metan na boca (moitos son de soprar ou similares) Así, dentro das posibilidades, hai que tratar de eliminar todos aqueles obxectos que sexan compartidos con outras/os alumnas/os.





Aqueles obxectos que sexan de uso exclusivo dunha alumna ou alumno deberanse limpar e gardar en bolsas pechadas e a súa vez estas en caixas pechadas (tipo tupper ou similar) adicadas só a obxectos desa alumna ou alumno. Por tanto aquí colle especial importancia a orde e organización de todos estes obxectos.

No caso dos materiais que sexan de uso común para máis dun alumno/a, deberán limparse perfectamente, e de poder, usaranse pasado o maior tempo posible (24 h. ou máis) Deberán ser de fácil limpeza e desinfección. De haber elementos de tela, tense que poder lavar a elevadas temperaturas. Aconséllase eliminar os materiais que non sexan estritamente necesarios (especialmente si son de tela)



## 2.2. MEDIDAS DE HIXIENE E PERSOAIS

En primeiro termo, ao inicio e ao final da actividade, tanto as mestras e mestres coma os nenos e nenas deberán hixienizar as mans, sexa no lavabo con auga e xabón ou ben con xel hidroalcohólico, atendendo que ás nenas e nenos de infantil non se aconsella o seu uso e aos dos primeiros cursos de primaria só baixo supervisión.

Se ao longo da clase algún deles se ve salpicado directamente por saliva, volverán hixienizar as mans.

As mesas e zonas de traballo atoparanse libres de todo tipo de obxectos e materiais salvo os imprescindibles para o traballo da actividade.

No caso dos mestres e mestras, recoméndase levar recollido o pelo e evitar o uso de aneles, pulseiras e colgantes.

Na medida do posible utilizar roupa de traballo que se lave a diario a alta temperatura.

No caso de dúbidas no nivel de protección e de cara a o uso de Equipos de Protección Individual (por exemplo máscaras filtrantes, guantes, etc.) será o Servizo de Prevención de Riscos Laborais quen avaliará o risco de exposición destas actividades.



## 2.3. AS MÁSCARAS NAS AULAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Na Orde CSM/115/2021, de 11 de febreiro, pola que se establecen os requisitos de información e comercialización de máscaras hixiénicas, se recoñecen por vez primeira nun texto legal as máscaras transparentes.

Os beneficios destas máscaras son evidentes, tanto para actividades de Audición e Linguaxe coma noutras que sexan necesarias e para todo o colectivo de persoas xordas e outros trastornos da linguaxe e oído.

Nesta Orde especifica que as máscaras (tamén chamadas cobertores faciais comunitarios) transparentes deben cumprir tódalas disposicións das máscaras hixiénicas normais e ademais:

- Deben ser de materiais suficientemente transparentes coma para permitir unha visión nítida da superficie cuberta, garantindo a correcta visualización de beizos e dentes, así como de toda a expresión facial, evitando efectos que poidan interferir na comunicación como o empañamento continuado da zona transparente ou a distorsión ou redución significativa do volume de voz do usuario coa máscara posta.
- No caso de ter algunhas zonas compostas por materiais que non permitan o paso do aire inhalado ou exhalado, deberá realizarse unha avaliación de riscos para asegurar que o produto non obstrúe indebidamente a respiración ou provoca algún risco tras un uso prolongado, debendo constar a información resultante de tal avaliación na etiquetaxe. Para esta avaliación, entre outros aspectos, deberase ter en consideración a localización, tamaño e características das zonas da máscara que non permitan o paso do aire, as zonas filtrantes que si que permitan o paso do aire (que deberán permitir unha correcta respiración e o paso da totalidade do aire filtrado), e o adecuado axuste á cara.



- Deberán incluír no etiquetaxe información ou advertencia achega do efecto distorsionador da fala e da minoración en decibeis que provoca a máscara ou cobertor facial comunitario.
- Na etiquetaxe entre outras cousas figurará o prazo recomendado para o seu uso e indicarse o período tras o cal se deba proceder ao lavado, substitución ou eliminación do produto, unha vez utilizado. No caso de que o produto sen usar perda algunhas das súas calidades polo transcurso do tempo, deberase indicar tamén a data de caducidade. Se fará referencia a talla do produto e a idade aproximada de uso.
- Aparecerá a referencia ás normas, especificacións técnicas, acordos de traballo ou outros documentos técnicos adoptados por un organismo de normalización recoñecido, relativos ás máscaras hixiénicas ou cobertores faciais comunitarios que se seguiron para a súa fabricación, especificando se fai referencia ao produto final ou aos seus materiais, tales como as especificacións técnicas UNE 0064-1:2020, UNE 0064-2:2020, UNE 0065:2020 ou o documento UNE- CWA 17553:2020.
- No caso de máscaras que, pola súa función prevista dispoñan de zonas compostas por materiais que non permitan o paso do aire inhalado ou exhalado, tales como as destinadas a permitir unha correcta lectura labial e recoñecemento de toda a expresión facial, poderá admitirse que a eficacia de filtración de partículas non se refire ás devanditas zonas ou materiais, sempre que esta circunstancia estea xustificada en razón da súa función prevista e especificada con claridade na etiqueta e que poida asegurarse que a función ou finalidade de uso previsto da máscara hixiénica séguese cumprindo.

O uso de pantallas faciais non exime do uso de máscaras hixiénicas, sexan ou non transparentes. Debemos pensar que nas actividades de AL (e tamén nalgúns casos de PT) hai unha produción de bioaerosois moi importante pola natureza das actividades e a pantalla por si mesma non é suficiente protección para as vías respiratorias. Así, a pantalla trátase dun complemento. De todas formas o seu uso de xeito obrigatorio, se ha lugar, ben dado pola avaliación de riscos laborais do Servicio de Prevención.

## 2.4. A VENTILACIÓN NAS AULAS DE AL E PT

Ao longo do curso xa estableceuse que un dos medios de contaxio primario da COVID-19 son os aerosois. Estes se producen ao falar. Pero a fala en alto, gritar, soprar, aumentar a taxa de respiración, etc. aumenta exponencialmente a produción de aerosois.

Por tanto nas aulas de Audición e Linguaxe sobre todo, e tamén nas de Pedagogía Terapéutica pola posible proximidade entre os intervenientes a ventilación é unha medida fundamental e posiblemente a principal xunto co uso da máscara.

Non é obxecto deste punto tratar da ventilación que xa se fixo nun módulo aparte, pero recordemos que a ventilación natural cruzada é a mellor opción, con tódalas xanelas abertas parcialmente (segundo o tipo e distribución) e máis a porta.

Débese manter a ventilación durante toda a actividade, tendo en conta o equilibrio confort/risco que xa se explicou no módulo de ventilación.

Ademais desta ventilación, se debe facer unha ventilación da aula entre cada sesión de alo menos 10 minutos.



## 2.5. A LIMPEZA DAS AULAS

Seguiranse as pautas establecidas para as aulas de uso compartido, se prestará especial atención a limpeza de obxectos e superficies. Ao finalizar a sesión, débese limpar tódolos obxectos utilizados e gardalos nas súas respectivas bolsas e caixas.

A superficie de traballo así coma o espello ou outras superficies utilizadas débense desinfectar tras cada uso.

Todo isto sen prexuízo da limpeza xeral por parte do persoal de limpeza.

Recordemos que son aulas de uso máis compartido que as ordinarias, e por tanto a limpeza xoga un papel importante, máis tendo en conta o tipo de actividade que se fai nelas.



### 3. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Documento [Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021](#), Versión 04-11-2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAS PARA O ÁMBITO EDUCATIVO](#), versión 16 de setembro de 2020, Consellería de Cultura Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- [Documento Medidas de Prevención, Higiene y promoción de la Salud frente a COVID-19 para centros educativos en el curso 2020-2021 Ministerio Sanidad](#), 08 de febrero de 2021
- Documento [MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL](#), de 18 de decembro de 2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- [Orden CSM/115/2021, de 11 de febrero, por la que se establecen los requisitos de información y comercialización de mascarillas higiénicas](#), Ministerio de Consumo
- [Documento AUTOAVALIACIÓN COVID-19](#), Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.





Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA